

Escrito por
Xoves, 19 Agosto 2004 15:43

O Premio de Xornalismo NANO CAMBEIRO constituído polo Instituto de Estudos Miñoranos con motivo da infeliz desaparición física do noso lembrado amigo e fundador. Cumprindo co establecido na convocatoria, faise pública a seguinte resolución en agosto, mes no que se cumpre o terceiro aniversario da irreparable perda do xornalista Nano Cambeiro.

Nesta ocasión o premio concedéuselle a **FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO** polo seu artigo
O Val Miñor no noso espello
publicado no xornal
A Peneira
na segunda quincena de novembro do 2003.

Non é necesario facer unha descrición de quen tivo, e segue a ter, un papel protagonista na cultura galega contemporánea, tampouco o é loar a mestra coa que traballa os seus textos, o premiado é un bo exemplo. Si queremos recordar sen embargo, a especial relación de don Paco del Riego co Val Miñor, nomeadamente coa Praia de Lourido na que pasa catro meses ao ano dende hai máis de tres décadas. Esta especial relación é a que fixo que, a proposta do Instituto de Estudos Miñoranos, o pleno do concello de Nigrán acordase, por unanimidade, recoñecerlo como fillo adoptivo. Don Paco é pois miñorano de adopción, pero sobre todo o é de vocación como pon de manifesto no artigo premiado.

O premio "Nano Cambeiro" de xornalismo está concibido como un premio único, mais nesta ocasión o Xurado, que é a Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, acordou unha **MENCIÓN ESPECIAL** para o artigo *Visión africana no esteiro do Miñor* de **E STANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOSA** publicado en
La Voz de Galicia
do 18 de outubro de 2003.

O premio, sen dotación económica, consiste nunha peza de bronce obra do escultor e membro do Instituto de Estudos Miñoranos **FERNANDO CASAS**. A obra escultórica será entregada ao premiado nun acto público a realizar no mes de setembro ou outubro.

Lembrar que o 1º Premio de Xornalismo Nano Cambeiro correspondente ao ano natural 2002

Premio Nano Cambeiro para Del Riego por un artigo sobre o Miñor

Escrito por

Xoves, 19 Agosto 2004 15:43

foi concedido a **XOSÁ LUÍS MÁNDEZ FERRÁN** polo artigo *Tristura no Galiñeiro* publicado en Faro de Vigo e entregado nun acto celebrado o 3 de outubro de 2003.

Asdo: Carlos Méixome

Director do Instituto de Estudos Miñoranos